

BASES DE PARTICIPACIÓN NO III FESTIVAL AUDIOVISUAL INFANTIL E XUVENIL “O MUSEO DE PONTEVEDRA EN CURTAMETRAXES”

A Deputación de Pontevedra, no proxecto Telecultura 2018-2019, a través do Museo de Pontevedra, organiza o III Festival Audiovisual Infantil e Xuvenil “O Museo de Pontevedra en Curtametraxes” sobre o patrimonio cultural exposto nos edificios abertos ao público do Museo de Pontevedra.

“O Museo de Pontevedra en Curtametraxes III” ten como obxectivo fomentar e divulgar o patrimonio cultural entre as e os escolares de idades comprendidas entre os 10 e os 17 anos sobre os fondos, obras e coleccións expostas no Sexto Edificio do Museo de Pontevedra, no Edificio Sarmiento e nas Ruínas de San Domingos. Ademais, nesta nova edición tamén se fai mención especial á exposición que acollerá o Museo de Pontevedra desde o mes de outubro de 2019 ata o mes de febreiro de 2020, “Galaicos, un pobo entre dous mundos”, onde se amosan, entre outras, pezas pertencentes á colección do Museo.

REXIME XURÍDICO APLICABLE

Os premios que se concedan ao abeiro deste III Festival Audiovisual Infantil e Xuvenil “O Museo de Pontevedra en Curtametraxes” teñen a natureza xurídica de subvencións, de acordo cos criterios establecidos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O seu réxime xurídico axustase ao disposto nestas bases, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvencións de Galicia, (LSG), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP), na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP), na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, (LRBRL), no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións (RLXS), as Bases de execución do orzamento provincial, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e demais normativa aplicable.

OBXECTIVO

O obxectivo destas bases é regulamentar o procedemento de participación no III Festival Audiovisual Infantil e Xuvenil “O Museo de Pontevedra en Curtametraxes” sobre o patrimonio cultural exposto no Sexto Edificio, no Edificio Sarmiento e nas Ruínas de San Domingos, a creación do Museo de Pontevedra e a exposición “Galaicos, un pobo entre dous mundos”.

QUEN PODE PARTICIPAR

Poderá participar nesta edición do festival de curtametraxes o alumnado de 5.º e 6.º de educación primaria, secundaria, bacharelato, grao medio ou formación profesional básica de toda Galicia,

tanto a título individual coma en grupo, a condición de que estea representado por unha persoa maior de idade (nai, pai, titora ou titor legal, no caso de presentarse de forma individual, ou a Dirección ou Xefatura de Estudos do centro escolar, cando se presente a nivel grupal), xa que todas as persoas participantes deben ser menores de idade a 31 de decembro de 2019.

Non poderán participar no III Festival Audiovisual Infantil e Xuvenil "O Museo de Pontevedra en Curtametraxes" aquelas persoas que interviñesen na realización deste festival. Poderase invalidar calquera participación de persoas que fosen asistidas por quen teña prohibida a súa participación.

MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN

Existen catro categorías de participación:

- **Categoría infantil:** curtametraxes realizadas por rapazas e rapaces que cursen 5.º e 6.º de primaria.
- **Categoría benxamín:** curtametraxes realizadas por rapazas e rapaces que cursen 1.º e 2.º da ESO.
- **Categoría alevín:** curtametraxes realizadas por rapazas e rapaces que cursen 3.º e 4.º da ESO.
- **Categoría cadete:** curtametraxes realizadas por rapazas e rapaces que cursen bacharelato, graos medios e formación profesional básica.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A representación legal (nais, pais, titoras ou tutores) das e dos participantes ou ben a Dirección ou Xefatura de Estudos dos centros de ensino presentarán as solicitudes preferentemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, e a través da web do Museo, www.museo.depo.gal. Para a presentación das solicitudes a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNI-e).

Alternativamente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A data límite para a presentación de solicitudes é o 23 de xaneiro de 2020.

A participación no festival supón automaticamente a aceptación destas bases e esta será gratuíta.

REMISIÓN DAS CURTAMETRAXES

Para inscribir e remitir as curtametraxes no III Festival Audiovisual Infantil e Xuvenil "O Museo de Pontevedra en Curtametraxes" as e os participantes poderán elixir entre unha das seguintes opcións, especificando sempre en que categoría se inscriben:

1. Mediante o envío dunha copia da curtametraxe e do formulario de solicitude á Secretaría do Museo de Pontevedra
2. Directamente na Secretaría do Museo de Pontevedra
3. En liña, a través do correo-e ou WeTransfer ao enderezo curtas.museo@depo.gal

Cada participante ou grupo de participantes só poderá presentar unha curtametraxe. Os centros de ensino só poderán presentar dúas curtametraxes por cada categoría.

A data límite de recepción das curtametraxes é o 23 de abril de 2020.

As obras presentadas levarán obrigatoriamente un título, o mesmo que deberá constar na ficha de inscrición. Os nomes que figuren na ficha de inscrición serán os mesmos que figuren nos títulos de crédito das obras presentadas.

As obras presentadas nesta edición do festival non serán admitidas para participar en vindeiras edicións.

As e os responsables das curtametraxes inscritas autorizan o emprego dun fragmento das obras para a súa posible difusión en calquera medio de comunicación.

TEMÁTICA DAS CURTAMETRAXES

As curtametraxes presentadas ao festival deberán ter como obxectivo valorizar o patrimonio cultural e musical exposto no Sexto Edificio, Edificio Sarmiento, Ruínas de San Domingos, ou a exposición "Galaicos, un pobo entre dous mundos", desde a ollada das rapazas e rapaces.

Ofrécese por iso desde o Museo de Pontevedra a posibilidade de visitar o patrimonio dos diferentes edificios visitables que o compoñen, e para os centros escolares, ademais de realizar unha visita guiada, participar nun obradoiro relacionado coa disciplina audiovisual. Os obradoiros de audiovisual impartiranse no mesmo centro educativo no horario que o centro dispoña e con carácter gratuíto para os centros da provincia de Pontevedra.

As obras presentadas serán en idioma galego e poderán incluír subtítulos para as persoas con discapacidade auditiva.

A organización do festival resérvase o dereito de excluír todas aquelas obras cuxo contido sexa obsceno, violento, sexista, racista ou vulnere algún dereito fundamental das persoas, de conformidade coa normativa vixente.

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DAS CURTAMETRAXES

As curtametraxes presentadas ao festival poderán realizarse con cámaras, videocámaras, tabletas ou teléfonos móbiles.

As curtametraxes deberán presentarse co título da película e o centro de ensino coa localidade e provincia. Ao final do filme deberanse incluír todos os créditos (nome das persoas protagonistas, dirección e guionista).

As curtametraxes deberán estar dirixidas, protagonizadas e realizadas polo alumnado dos centros de ensino e non poderán durar máis de cinco minutos, incluídos os créditos.

O festival resérvase o dereito de non aceptar as copias que, tras as comprobacións técnicas necesarias, non resulten adecuadas para a súa proxección ou non teñan os créditos completos ou o título, comunicándollelo ás e aos representantes da película e solicitando unha nova copia nun prazo de dous días hábiles.

XURADO

As curtametraxes serán seleccionadas por un xurado, nomeado por Resolución presidencial e formado por:

- **Presidente:** o vicepresidente da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue
- **Vogais:** catro persoas profesionais ou expertas do medio cinematográfico, audiovisual, da comunicación ou da cultura
- **Secretaria ou secretario:** o titular da Deputación ou membro do funcionariado en quen delegue, que terá voz pero non voto

Non poderán formar parte do xurado persoas con interese na produción, distribución ou calquera outro tipo de explotación ou participación nas películas seleccionadas no festival.

As deliberacións do xurado serán secretas e as decisións adoptaranse por maioría simple e a súa decisión será inapelable.

SELECCIÓN E PREMIOS

Os premios do III Festival Audiovisual Infantil e Xuvenil “O Museo de Pontevedra en Curtametraxes” teñen como finalidade a visibilización e valorización das curtametraxes máis destacadas dentro do conxunto das presentadas ao festival.

Os premios do III Festival Audiovisual Infantil e Xuvenil “O Museo de Pontevedra en Curtametraxes” terán un crédito global de 7.800 euros con cargo á aplicación orzamentaria 333.3340.481.01. Ao ser un gasto de tramitación anticipada a concesión dos premios quedará condicionada a existencia de crédito axeitada e suficiente no momento da resolución.

Entregaranse oito premios, dous en cada categoría, previa selección dun xurado de persoas expertas. O xurado terá liberdade para deixar unha categoría deserta ou realizar unha mención especial. As contías dos premios son as seguintes:

Categoría infantil:

- Primeiro premio: 700 euros
- Segundo premio: 400 euros

Categoría benxamín:

- Primeiro premio: 800 euros
- Segundo premio: 500 euros

Categoría alevín:

- Primeiro premio: 1.000 euros
- Segundo premio: 700 euros

Categoría cadete:

- Primeiro premio: 1.500 euros
- Segundo premio: 1.000 euros

Mención especial nas categorías infantil e benxamín:

- 200 euros para cada unha das categorías

Mención especial nas categorías alevín e cadete:

- 400 euros para cada unha das categorías

Os premios entregaranse na gala de clausura do festival, que terá lugar o venres 22 de maio de 2020 no salón de actos do Sexto Edificio do Museo de Pontevedra, e ingresaranse nunha conta bancaria a nome da ou do menor ou menores, se participasen a nivel individual, ou a nome do centro de ensino, e deberán destinarse preferentemente á formación das persoas premiadas .

A contía económica dos premios estará suxeita ás retencións que determine a lexislación vixente no momento do seu aboamento por parte da organización do festival, e entenderanse, en todo caso, incluídas na asignación económica destes premios.

Todas as obras presentadas ao festival que cumpran cos requisitos indicados nestas bases obterán un diploma de participación independentemente de ser ou non galardoadas con algún premio.

EXHIBICIÓN

As curtametraxes inscritas no festival que cumpran os criterios das bases de participación poderán visualizarse a través da páxina web www.museo.depo.gal, no Facebook do Museo ou a través da canle de YouTube a partir do día 16 de maio do 2020, e mesmo nalgunhas dependencias do Sexto Edificio ou Edificio Sarmiento.

DEREITOS E OBRIGAS

Será responsabilidade das e dos participantes contar coas autorizacións pertinentes sobre o material empregado nas curtametraxes referido aos dereitos de propiedade intelectual, dereitos de autoría, de explotación, de honra, intimidade e imaxe, así como calquera outros dereitos de terceiros.

Do mesmo xeito, responsabilizaranse tamén dos dereitos de imaxe das persoas que aparezan nas curtametraxes, eximindo a organización de calquera tipo de responsabilidade neste sentido.

A organización do festival declina toda responsabilidade legal sobre as curtametraxes presentadas ao concurso e sobre o seu contido.

As e os autores das obras cédelle a Deputación de Pontevedra os dereitos de explotación das curtametraxes, consistentes na súa reprodución, comunicación e distribución pública. Estes dereitos exercitaranse sempre co recoñecemento da súa condición de autora ou autor, agás manifestacións en contra.

PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais recadados neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable", dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal> e no consentimento das persoas interesadas.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

MÁIS INFORMACIÓN:

Museo de Pontevedra. Edificio Fernández López

Rúa Pasantería, núm. 2-12, 36002 Pontevedra

Teléfono: +34 986 80 41 00

Fax: +34 886 20 13 01

Correo-e: curtas.museo@depo.gal; secretaria.museo@depo.gal

Web: www.museo.depo.gal

Asdo.: Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo

Vicepresidente da Deputación de Pontevedra

